

O volume, que sairá en abril, é unha obra chave para entender a creación da escritora

A editorial Alvarellos publicará un libro inédito de María Mariño

«*Más allá del tiempo*» está escrito en castelán e combina páxinas de prosa e verso

Xesús Fraga

REDACCIÓN

■ En 1965, Ánxel Fole recibiu correspondencia de María Mariño: a poetisa remítalle un poemario en castelán, *Más allá del tiempo*, coa petición dun prólogo. Fole nunca chegou a escribir ese limiar e *Más allá del tiempo* quedou no capítulo dos inéditos da autora, que morrería dous anos máis tarde e que será homenaxeada este 17 de maio no Día das Letras Galegas.

O editor Henrique Alvarellos vén de atopar a copia do libro no arquivo persoal do xornalista lugués Juan Soto, quen llo cedeu para a súa publicación, dentro da colección *Rescate* do selo. Trátase dun mecanoscrito de 108 páxinas. Segundo explicou ante Alvarellos, *Más allá del tiempo* combina prosa e verso e revela «moitas das incógnitas sobre a súa actitude diante da escrita». O editor informa de que o libro mantén «o ton crepuscular» que caracteriza a obra literaria de Mariño, no que a morte e a paisaxe deixan unha notable pegada.

Outro motivo polo que o achado representa unha nova fonte de información vén dado polo feito de que a única man que interveu en *Más allá del tiempo* foi a da propia autora. Na edición dos seus poemarios



O Día das Letras deste ano homenaxea a María Mariño

galegos, *Palabra no tempo e Verba que comeza*, produciuse a mediación de Uxío Novoneyra, pero no libro que se vén de atopar a escolma e a orde dos textos foron responsabilidade de Mariño. Por este motivo, Alvarellos cualifica *Más allá del tiempo* como «unha obra chave para entender toda a produción coñecida da escritora noiessa». Ademais, tamén revela a faceta da autora como narradora, xa que ata o de agora a súa obra publicada consta de poesía.

A edición de Alvarellos, que aparecerá no vindeiro mes de abril, incluíra un estudo introdutorio e de contextualización da profesora da Universitat de Barcelona Helena González.

Tamén contará con fotografías e documentación inédita sobre a xestión do libro.

Alvarellos lembra que hai constancia doutro libro inédito en castelán de María Mariño, *Los años pobres*, centrado na Guerra Civil e nas experiencias da posguerra, do que se descoñecen exemplares.

Outras novidades

A proximidade do 17 de maio está a propiciar novidades arredor da vida e obra de María Mariño. Xerais mesmo se adiantou á entrada do 2007 e a finais do 2006 publicou *Obra completa*, cun estudo introdutorio de Victoria Sanjurjo Fernández. Para os vindeiros meses prepara dúas achegas

O ACHADO

Prólogo de Ánxel Fole

■ En 1965 María Mariño envía un mecanoscrito de 108 páxinas do libro a Ánxel Fole, coa intención de pedirlle un prólogo para a súa publicación. Fole non chega a escribilo e «*Más allá del tiempo*» adquire a condición de inédito e perdido.

Entre papeis

■ O editor Henrique Alvarellos atopa o libro de María Mariño entre papeis de Fole que pertencen ao arquivo do xornalista Juan Soto. Este cede a obra para a súa publicación pola amizade que mantiña co fundador da editorial Alvarellos.

biográficas: unha a cargo de Carmen Blanco e outra de Fran Alonso, baixo o título de *A vida secreta* de María Mariño e orientada ao público xuvenil. Pola súa banda, Galaxia ten encargada unha biografía sobre a escritora a Xerardo AgraFoxo.

Outra achega representaa a reedición dun número que en 1997 lle dedicou a revista *Festa da palabra silenciada*, dirixida por María Xosé Queizán. A publicación recupera agora os artigos que daquela analizaban a unha escritora moi pouco coñecida. Neses textos analizase a súa linguaxe poética, o libro *Verba que comeza* e conta cunha antoloxía, entre outros textos.